

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº22/ Ano: 2020 / 2º xornal Mes de decembro/ Estado de ínfimo sentidiño

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com

HemerONSteca.

LITIXIO POLA ADSCRICIÓN DE ONS

Ons quedou, no 1836, sen adscribir a ningún concello. Despois de moito loitar entre os concellos de Sanxenxo e Bueu, a Deputación adscribiuna ao de Bueu no ano 1844. Todo quedou arranxado, segundo parece, pero despois de 147 anos, en 1991, un concelleiro de Sanxenxo volve a sacalo á luz. Aquí uns pequenos apuntes dese novo litixio que, coído, só foi periodístico.

Páxs. 1,2

Foto: Jesús Leiro, na actualidade. A Opinión..



LIBRO: "Ons"

Nesta entrega traemos o libro "Ons" de Carlos Meixide. Interesante relato sobre o que lle pasa a catro rapaces nas súas vacacións na Illa de Ons. Páx. 3

Foto: lecturafilia.com



LEMBRANZAS DA ILLA DE ONS (III)

Manolo Feijut segue contándonos as súas experiencias durante a súa estancia na Illa de Ons. Á vez ilustrámolo con dous dos seus cadros.

Foto: Comedor do Campamento construído a carón da casa onde vivía Manolo. Cando non estaba tapada pola fronte, si parecía unha estación de servizo.

Páx. 3

ONS NA MEMORIA Pandeireteiras de Ons


Un grupo de mulleres de Ons no ano 1991 acoden ao programa de Luar da TVG invitadas por Mercedes Peón para que canten e toquen a pandeireta como o facían de antigo nas festas da Illa.



CENTRO DE VISITANTES

Desta entrega facemos un repaso histórico ao barrio onde se construíron as novas escolas no ano 1965 e onde, no ano 2009, Parques radicou o Centro de Visitantes.

Páx. 4



SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Traemos desta a opinión de varios lectores sobre temas tratados no Onstopus nº 21:

- Ons na Memoria: Piorno de madeira
- Libros-d-Ons: Por que non se falou dalgún dos libros de Staffan Mörling?
- Un grupo financeiro quiere comprar Ons: Un par de lectores que non se deron conta que nos medios de comunicación, hai anos, o 28 de decembro era un día de gastar bromas.

Páx. 5

ArqueolONSxía

REPASO FINAL Á PARTE EMERXIDA

Remato aquí a parte Arqueolóxica de Ons na súa parte emerxida nunha primeira entrega. Comezaremos posteriormente coa parte somerxida e despois pasarei a profundar máis, sobre todo, nas reclamacións á administración para que entenda que un Parque Nacional como este é máis que fauna e flora, pois posúe unha comunidade humana histórica e etnográfica única.

Páx. 6

A partir deste número comezamos, aínda que xa o fixemos dende o nº 0, unha sección máis chamada HemerONSteca, onde tocaremos a temática sobre Ons saída na prensa a través do tempo, cun pequeno comentario.

LITIXIO POLA ADSCRICIÓN DA ILLA DE ONS

Facendo un repaso rápido pola historia desta problemática, dicir que, a Illa de Ons foi ignorada na “nova planta” dos distritos municipais ou concellos que publicaron nos Boletíns Oficiais en decembro de 1836. O novo concello de Sanxenxo foi o que quixo resolver o erro e adscriben Ons a este concello en xullo de 1837.

En abril de 1842 xorde o primeiro conflito cando varios veciños de Beluso e con residencia en Ons, segundo din, arrendatarios do Marqués de Valladares, presentan instancia dirixida ao Presidente da Deputación de Pontevedra mostrando alegacións a favor da adscripción da Illa ao concello de Bueu.

A Deputación abre expediente en xullo de 1842 demandando informes aos dous concellos, Bueu e Sanxenxo. Coa documentación enviada, a Deputación acorda a finais do ano 1842, confirmar a adscripción a Sanxenxo.

A partires dese momento o Marqués de Valladares comeza a moverse. A súa influencia debe ser moi importante social e politicamente e, seguro, tamén forzado polos veciños de Ons daquela, a finais do ano 1844 comeza unha serie de envíos de documentación, visitas, reunións,..., onde tamén entra a formar parte da petición o alcalde de Bueu da época.

A documentación presentada, xunto coa forza que podía exercer daquela o Marqués, trouxo que, o 28 de novembro de 1844 as illas de Ons e Onza se engadan ao distrito municipal de Bueu. *(Para máis información sobre este proceso animo a consultar a Revista de Estudos Provinciais da Excm. Deputación de Pontevedra nº 4, do ano 1988. Nel hai un magnífico traballo de Xosé Fariña Jamardo co título “A adscripción municipal da Illa de Ons”. Páxs. 133-142).*

Sen entrar, nesta pequena entrega, a comentar ou interpretar todo o proceso do cambio de adscripción de Ons, o certo é que, nos anos que durou a demanda, que saibamos, o concello de Sanxenxo non chegou a exercer como tal sobre a Illa de Ons. O que si, é que non deberon de ver posibilidade ningunha, por mor da forza política que puido exercer o Marqués de Valladares, que dende ese ano, 1844, non houbo ningunha intención máis de loitar por ela, pasando a formar parte da parroquia de Beluso pertencente ao concello de Bueu.

Pero, debeu ser coa chegada do Sr. Fariña Jamardo á Deputación de Pontevedra e coa saída á luz do seu traballo “O nacemento dos axuntamentos da provincia de Pontevedra” (1987), de onde saíu a separata sobre Ons, que un concelleiro de Sanxenxo, Jesús Leiro, en abril de 1991, seguro que despois de ler este traballo e quizais investigando nos arquivos do Concello de Sanxenxo e da Deputación que “abriu a caixa de Pandora” e comezou unha nova polémica sobre a pertenza da Illa de Ons ao seu concello, que trouxo unha nova controversia, polo menos na prensa, sobre este tema, ocorrido había 147 anos e que xa estaba esquecido polas partes, pero que, sen embargo, forma parte da Historia destes dous concellos da Ría de Pontevedra.

Pasa á páxina seguinte....

Miércoles, 1 de mayo de 1991

Un litigio por Ons pende entre Bueu y Sanxenxo

□ La propiedad de la isla podría recurrirse

El portavoz del CDS en Sanxenxo, Leiro López, pidió al alcalde una “reunión para reclamar las Illas de Ons y Onza como parte integrante del patrimonio de Sanxenxo, previos los informes que considere oportunos que puedan servir para iniciar la reclamación oficial y entregar la titularidad a sus herederos legales de Portonovo, Arra, Aios y Noalla”. Leiro López señala que, “abundando en la documentación conseguida, podemos asegurar que las Illas de Ons y Onza, han pertenecido a Sanxenxo y dejaron de hacerlo de una forma que debe considerarse como recurrible”.

Sanxenxo /A. TOVAR/

El portavoz centrista, pide a la Alcaldía la celebración de una reunión de concejales en pleno con la finalidad de acordar el inicio de conversaciones con el alcalde de Bueu, Freire Lino, el párroco de Beluso así como con la propia Xunta “con la finalidad de poder tomar una determinación con conocimiento de causa”. “De hecho —puntualiza el edil del CDS— cuando se hicieron los mapas de los municipios de Pontevedra, publicados en el Boletín Oficial de la provincia en 1836, se olvidaron de incorporar al Ayuntamiento de Sanxenxo las Illas de Ons y Onza”, apunta.

Jesús Leiro, expone que el alcalde de Sanxenxo en 1837 propuso a la corporación la elaboración de un censo con los pobladores de la Illa “con la finalidad de que pudiesen recibir apoyo municipal y nombrasen un celador que coordinase el orden en la villa, con el visto bueno de la Reina Isabel II y la Diputación Provincial quedó anexionada la Illa al

Ayuntamiento de Sanxenxo el 31 de julio de 1837. Ons —asegura Leiro López— llegó a disponer de un censo de 475 habitantes, pasando en la última década a ocho familias”.

En la exposición del concejal se apunta que el Marqués de Valladares concede el arrendamiento de la Illa a Vicente López, Florencio Blanco y 30 vecinos, los cuales habían presentado una reclamación en la Diputación interesados en alcanzar un arrendamiento para cultivo en la Illa.

Alegaciones inciertas

En 1842 el Ayuntamiento de Sanxenxo presenta recurso de reposición, indicando que la alegación presentada por los vecinos de Bueu, son inciertas y engañosas utilizando mentiras en todos sus extremos. Leiro apunta que se habla incluso de la existencia de igual distancia de Bueu a la Illa que de Sanxenxo “sabiendo que las parroquias de Arra, Aios, Adina y Noalla sólo distan media legua y de Bueu distan



Los propietarios de la Illa de Ons reclamaron su arrendamiento para el cultivo agrícola.

ANXO CABADA

tres”, siendo regida Ons por la jurisdicción de A Lanzada, hoy partido judicial de Cambados. Leiro López apunta que “incluso el propietario de la Illa, Francisco Javier Martínez y Enriquez, Marqués de Valladares, ha legalizado la propiedad en el juzgado de Cambados en 1937”.

En su estudio, Leiro López, informa que el 28 de noviembre de 1844, el jefe político de la provincia de Pontevedra, dirige al presidente y vocales de la Diputación un escrito en el que le comunica la orden de 20 de noviembre de 1844 expresando que “en vistas de lo manifestado por usted sobre que las Illas de Ons y Onza se le saque al Ayuntamiento de

Sanxenxo y que se unan al de Bueu por ser el más próximo, no sabemos el motivo por el que el Ayuntamiento de Sanxenxo en aquella oportunidad, no recurrió la sentencia, la cual se basaba en que la Illa estaba más cerca de Bueu que de Sanxenxo”.

Leiro López se refiere a la existencia de documentos que prueban la existencia de propietarios en la Illa, asegurando que en ella se han encontrado filones de estaño a flor de tierra así como tesoros prehistóricos. De hecho en la actualidad la Illa es propiedad del Ayuntamiento de Bueu tras una expropiación llevada a cabo en 1943 por el Instituto de Conservación de la Naturaleza.

Para apoyar la vinculación de Ons y Onza con el municipio de Sanxenxo, Leiro López, recabó la opinión de Miguel Carballa Otero, conocido como el “abuelo de Sanxenxo” pues tiene en la actualidad 104 años. En versión de Miguel Carballa la Illa de Ons “siempre se sirvió del puerto de Portonovo e incluso perduran varios pueblos costeros en nuestro Ayuntamiento, muchos apellidos y posibles herederos de la Illa caso de los Otero, Carballa, Martínez, Correa, Taboada, Patiño, etc. El propio Carballa Otero asegura recordar que existieron varias familias en Portonovo, Aios, Noalla, Arra que procedían de la Illa de Ons”.

El CDS de Sanxenxo asegura que Ons pertenece a Portonovo

REDACCION
SANXENXO

Leiro López basa su teoría en documentos fechados entre los siglos XV y XIX

No precisó el concejal centrista si iniciaría trámite alguno de reclamación

El concejal del CDS en el Ayuntamiento de Sanxenxo y candidato de ese partido a la alcaldía, Jesús Leiro López, aseguró ayer que diversos documentos marinos fechados entre los siglos XV y XIX acreditan que la isla de Ons pertenece al municipio de Sanxenxo.

"Tenemos motivos suficientes que apuntan hacia la posibilidad de que Ons ha pertenecido a nuestro ayuntamiento desde tiempos inmemoriales y los verdaderos dueños pueden ser de Portonovo", indicó Leiro López, quien no ha precisado si iniciará alguna gestión para reclamar la isla, actualmente incluida en el municipio de Bueu.

Apellidos

Según los datos facilitados por el concejal centrista, algunos de los "antiguos dueños de Ons" se llamaban Patiño y Correa, apellidos habituales entre los habitantes de Portonovo. Mientras que la relación que establece Jesús Leiro entre los Patiño y la isla es ambigua, el apellido Correa está más fundamentado.

Entre los documentos manejados, Leiro López cita uno coetáneo a la Guerra de la Independencia, en la que "doña Manuela Correa Yebra manifiesta que correspondía la plena propiedad de

la isla a su hijo Antonio Manuel Montenegro Correa, acreditando los documentos pertinentes". Descendientes de esta rama familiar residen ahora en Sanxenxo, según el concejal centrista.

Fortificación

En este mismo documento de principios del siglo XIX, se detalla un proyecto para fortificar Ons "contra posibles incursiones marítimas, cuya ejecución fue encomendada por la Junta Provincial de Armamento y Defensa de la provincia de Santiago "al cura párroco de Sanxenxo, Salvador López Gil".

Jesús Leiro, quien recientemente solicitó la declaración oficial como nudista de la única playa de la isla de Ons, asegura que "desde 1489 hasta 1595 las pocas veces que se nombra la isla se identifica con el puerto de Portonovo, que mantuvo muchos pleitos motivados por la captura de peces en la costa norte de



Jesús Leiro.

Ons". Los datos facilitados por el concejal reflejan que cien años después de esas fechas, el territorio continuaba dominado por esa villa costera.

Sin embargo, el concejal admite que a principios del siglo XIX un personaje llamado Francisco Genaro Angel, dejó a su muerte la isla a "un tal Riobó, presbítero de Bueu". Ahí se puede establecer el origen de Ons como perteneciente a ese municipio de O Morrazo.

Faró de Vigo, 18 de abril de 1991

Freire Lino asegura que la isla de Ons es una parte de Bueu

□ No se dan las condiciones para una segregación municipal

Bueu /J.L.M./

Manuel Freire Lino, alcalde de Bueu, salió al paso de los comentarios que están apareciendo sobre la isla de Ons, para puntualizar, independientemente de la propiedad de la isla, "no hay duda de que Ons es un elemento integrante del territorio de nuestro municipio. No me parece serio el recordar la unidad territorial del municipio, por razones, que a juzgar por las fechas en que se producen, tienen únicamente un contenido electoral".

Para el alcalde, la alteración de los límites del término municipal, "es algo más serio que un simple reflexión en campaña electoral".

Descarta Freire Lino crear polémica con sus manifestaciones, añadiendo a lo dicho que el tratar de modificar los límites municipales, reconocidos históricamente, y sin motivo aparente, "me parece una interferencia en la soberanía municipal y que por otra parte afecta a la división territorial del Estado".

No hay condiciones

Por último, señaló "tampoco se dan ninguna de las condiciones establecidas para poder hablar de una segregación municipal, en especial, porque no cumple una de las condiciones esenciales, como es que tienen que ser

terrenos limítrofes, y en este caso es una isla". Para Freire Lino, lo más grave, es plantear este tipo de cuestiones, sin consultar con los habitantes afectados, como establece la Carta Europea de la Autonomía Local.

Atlántico Diario
5 de maio de 1991



EN DIFERIDO

INSULAS

BENIGNO DE LA TORRE

DON Quijote prometió a Sancho la insula Barataria en la novela de Cervantes. Otros hidalgos, verbo elegante y aventuras de indestructible razón, hicieron promesas parecidas. Todo era para tener un acompañante en el camino hacia un fin. Otros, no se si hidalgos modernos o políticos antiguos, como **Leiro López**, el cual es muy libre de reclamar lo que quiera, rebusca en los anales de la historia y encuentra pequeños, muy pequeños datos de un asunto bonito, con gancho: la reclamación de la isla de Ons para Sanxenxo.

Pues bien, ojalá que le vaya bonito en su aventura. Resta por saber si no se encontrará con molinos y no gigantes, ovejas o ejército o, por el contrario, con un pueblo el de Bueu, simple y llanamente, compuesto por sus gentes, vecinos de Cela, Bueu, Beluso, Hermelo, Meiro o Isla de Ons.

Aparte del sentimiento de una población o del oportunismo político de un partido, los datos que ofrece **Leiro López** son bastante pobres, sobre todo desde el siglo XIX en adelante. Habla de documentos en los siglos XV y XVIII. Por este procedimiento, no sería raro que a alguno de sus "jefes" se le ocurriese pedir la capitalidad del Estado español a Toledo o Valladolid.

Bastaría con ir al Registro de la Propiedad para saber, en la primera hoja del documento, que Doña **Joaquina Montenegro Ponte**, a la sazón dueña de las islas Ons y Onza, "que pertenecen al término municipal de Bueu", murió el 10 de febrero de 1895 y que las dejó en herencia a **Fernando Quiñones de León**. Esto es, que a finales del XIX ya pertenecían a Bueu. A partir de aquí el Registro insiste en que es de Bueu, herencia tras herencia, hasta llegar a la compra que hizo de ella **Manuel Riobó** y la expropiación del Estado, pero antes ya pertenecían al municipio buenense y no a Portonovo. Esta es la sencilla —a grandes rasgos— historia contemporánea de la isla de Ons.

Son datos, en definitiva, de calle y poco consistentes los que da **Leiro López**, como la tesis de los apellidos. Dice que los "Patiño" se han conocido como los "dueños" (interpretación que podría significar dueños de la isla de Ons)". Si es por eso, le invito a dar una vuelta por Bueu y le presento a cuantos quiera. Y si por apellidos de gentes de la isla de Ons: Dios, Oteros o Reboeiras, la mayoría. En Portonovo también habrá. Pero ¿se imaginan que algún camerunés reclame para su país la localidad de Burela dentro de unos años, o que los italianos hagan lo propio con Argentina?




También habla de leguas, y no lenguas, las que hay de distancia entre Bueu y Ons y Portonovo y Ons. Está más cerca de Portonovo. Es posible. Desde el momento en que ganara su pleito con Ons, las Islas Canarias pertenecerían al continente africano, lo mismo que Ceuta y Melilla. A ver.

O Sr. Leiro, debeu de ver a cousa complicada e, sobre todo, tendo asuntos o Concello de Sanxenxo máis importantes e urxentes que resolver, que pronto lle pasou a teima. De novo, aínda que non do mesmo xeito que Leiro, na Voz de Galicia de 21/06/2015 nun artigo de Marcos Gago titulado "Cuando Sanxenxo perdió Ons", saca á luz o tema da man do historiador local José M. Abel. Tamén a grandes trazos este historiador comenta sobre este asunto: "... Ons, joya del Parque Nacional Islas Atlánticas, perteneció durante siglos a la jurisdicción de A Lanzada, antigua división administrativa de la que Sanxenxo era capital. En la Edad Media, los concellos no existían, pero la vinculación de Ons con la comarca de O Salnés se cita en múltiples documentos. Sin embargo, en la actualidad, pertenece a Bueu y sus cambios de dueño tuvieron mucho que ver con este hecho". "... En el siglo XVI, el cambio de manos de Ons vino dado por la necesidad de solvencia económica del arzobispado". "... los Montenegro se hacen con la isla por la necesidad monetaria de los prelados". "... Esta desvinculación del control directo del arzobispo a favor de gente que no vivía en O Salnés es, en opinión de Abel, la clave para que fuese desgajada de Sanxenxo". "...Aún así, en la creación de los primeros ayuntamientos, en el siglo XIX, la isla estuvo unos años ligada a Sanxenxo de 1837 a 1844, en lo que parecía el regreso a su territorio histórico. Fue un espejismo. Los buenenses, que la habían colonizado, protestaron. La intervención del nuevo dueño con relación con O Morrazo, el marqués de Valladares, forzó que se uniese definitivamente a Bueu, a quien pertenece hoy en día". Outro tema histórico apaixonante onde Ons pasa a ser arte e parte e sobre o cal sempre haberá alguén disposto a loitar por aquilo que coidan lles pertence. Dende a miña humilde opinión, ogallá non sexa así, a vinculación a Bueu xa vai para 200 anos.

LIBROS-d-ONS

“ONS”

O libro “*Ons*” de Carlos Meixide foi publicado no ano 2015. Nel cóntase a historia de: “*Catro rapaces que inician as súas vacacións na Illa de Ons. Máis o primeiro día, un arrepiante descubrimento na praia converterá o seu verán nunha aventura trepidante e inesquecibel...*”. Con estas palabras preséntanos o libro Meixide. Pero o libro, que engancha dende o principio e o devoras nun intre, ten moito máis que a historia dos rapaces. Condúcenos polos lugares máis emblemáticos da Illa: O peirao, o Buraco, as praias de Canexol e Melide, o Faro,... Pero tamén afonda no mundo social illán coa problemática entres os bares de arriba e de abaixo, no campismo, no turismo novo e o asiduo,..., e ata a figura do garda civil, outro dos protagonistas da historia, dun xeito subliminar, parece dar a entender que nos fala da “autoridade”, que poderíamos atopar en persoeiros ligados á administración e que levaron e aínda tentan levar unha orde na Illa e, aquel que non entra polo seu aro, recibirá algún tipo de escarmento. En definitiva, un libro que aparte da historia que conta, pode ter moitas máis lecturas, escrito por unha persoa que parece coñece ben a idiosincrasia da Illa de Ons.



MANUEL FEIJOÓ RODRIGUEZ. MANOLO FEIJUT. “MANOLO CARALLO”

LEMBRANZAS DA ILLA DE ONS (III)

Continúa Manolo Feijut coa súa historia:

"Pasaron os anos e cambian os nomes e os homes, pero non as cousas. Desaparecen o IRIDA e saíu da maleza o ICONA, esta mais progresista e burguesa e chegaron os campamentos nacionais e extranxeiros, que me chantaron detrás da miña residencia un campamento e diante unha construción que parece mais unha estación de servizo de gasolina terceiro-mundista, mais que un comedor para nenos acampados.

Con tanto movemento na illa nacen dúas compañías navieiras. A do Pancho, hoxe tamén tomando tazas cos anteriores amigos, que tiña dous "parquebots" zarpando de Bueu rumbo á illa, cando lle cuadraba, e outra navieira o "Angel da Ría", zarpando de Sanxenxo e Portonovo, segundo estexa o tempo.

Pero o progreso non quedou aí. Con tan bons meios de comunicación chega o turismo burgués de Sanxenxo, A Toxa e todo o globo terráqueo e non tan burgués dos porreiros, procedentes das illas Cies, que nos invaden.

Con tanta variante de especies inmigradas chegou-se a un momento en que non se sabe quen son os verdadeiros indios, indíxenas ou aborixens, se os que estaban ou os que chegaron. Tamén con esta clase de civilización chegou como era de esperar na sociedade de consumo, os incendios, roubos, as drogas e as venéreas".

Continuará....

Cadros de arriba:

Esquerda: Abrente sobre as casas illáns.

Dereita: Navegando cara á Illa.

SALA DE FIESTAS

Dona-Dona



ONS NA MEMORIA

PANDEIRETEIRAS DE ONS A LUAR

Non recordo moi ben o ano, pero debeu ser polo 1990 ou 91. No incombustible programa Luar da TVG. Mercedes Peón estaba investigando sobre a música popular galega e concretamente sobre as Pandeireteiras. A Asociación de Veciños "Illa de Ons" pónse en contacto con ela e Mercedes acude a Ons para coñecer a súa música e ás súas protagonistas. Despois de escoitalas, proponlles acudir ao programa Luar e cantar alí, cousa que aceptan de bo grado.

Na foto as mulleres illáns que foron a Luar. De esquerda a dereita:

Rosa Comesaña, propietaria casas 11,12

Benedicta Patiño, propietaria casa 75

Irene Patiño, propietaria casa 83

Gloria Patiño, propietaria casa 81

Rosalía Otero, propietaria casa 54

Gloria Sampedro, propietaria casa 23

Actuaron en Luar e non estiveron soas, a Asociación Veciñal contratou varios autobuses para que acudiran os veciños para animalas.

A súa actuación foi todo un éxito e Mercedes Peón acudiu á Illa de Ons en varias ocasións máis para investigar a súa música e o xeito diferente de cantar e tocar a pandeireta que tiñan as illáns.

Coido que a música popular de Ons é outro tema que necesita unha máis profunda investigación e hai que facelo axiña xa que, cando desaparezan as mulleres que a protagonizaron, desaparecerá con elas unha parte da Cultura Popular de Ons.

Dentro do rectángulo, a zona das aulas escolares (1990), que hoxe forman parte do Centro de Visitantes.

CENTRO DE VISITANTES DE ONS (II)

LUGAR ELIXIDO

No barrio de Curro, no intre da última repoboación (1810), só existía un pequeno alboio onde, segundo parece, durmían as persoas que por aquelas datas e nas épocas de sementeira, achegábanse a esta illa baleira para aproveitar as súas terras.

Esa construción foi logo utilizada para albergar ao primeiro enxeñeiro e axudantes que, co fin de realizar unhas pescudas e toma de datos, trouxo os principios do que ía a ser a construción dunhas baterías de defensa para a ría de Pontevedra.

Pasaron os anos, houbo litixios pola propiedade da Illa e, despois dalgúns preitos, quedou como dono o Marqués de Valladares. Nesa zona da Illa, unha fomentadora logrou convencer ao Marqués para que lle alugara unha parcela preto da praia e do pequeno embarcadiro existente para montar nela unha fábrica de salga. Dita empresa de salga estivo en funcionamento uns anos ata que, a familia Riobó, transformou a instalación nunha pequena industria de secado de polbo e congro.

O barrio de Curro, a partir do ano 1921 e ata 1936, converteuse nun punto de aproveitamento e utilización pesqueira. Na súa zona nordeste estaba a antiga fábrica de salga, nese intre convertida en vivenda da familia Riobó e, na súa parte traseira, cara ao oeste, a zona de secado de polbo e congro. Na zona sur montara unha pequena tenda-bar e, na súa parte posterior, tamén cara ao oeste e paralela ao secadoiro, estaba a corte das bestas e zona de garda de gando.

A partir da morte de Didio Riobó, houbo grandes cambios nesas parcelas do barrio de Curro, desaparecendo as zonas de secado e as cortes. Precisamente, onde estaban as fincas dedicadas a corte e garda de gando, mesmo enriba dunha superficie rica en pedra, foi onde a aproveitaron como canteira para sacar a pedra para a construción e ampliación do peirao.

Neste barrio de Curro o Instituto Nacional de Colonización no ano 1965, realizou as obras do chamado Centro Cívico. A un lado, ao norte, unha nova igrexa, a sancristía e as casas para o cura e mestres. Mesmo enfronte, na zona sur, enriba da canteira do peirao, fixeron as escolas, nenas-nenos, e os patios de recreo correspondentes a cada unha.

Todas estas instalacións do Centro Cívico, agás as casas escola e unha das aulas, durmiron un chamado: "sono letárxico de inutilidade", xa que ata 1980 en que o Icona se fixo cargo delas para albergar as dependencias da administración, nunca foron utilizadas para o que foran construídas; unha pena, eses cartos deberían ser empregados no que máis demandaban os illáns para evitar a emigración cara ao continente, un novo peirao ou arranxo do que había, para que dera refuxio á nova flota de barcos.

As casas escola e a sancristía tiveron diferentes usos, e as escolas, a partir de 1980 en que xa non había nenos en Ons, estiveron uns veráns dedicadas a clases de recuperación, para logo, como o resto, ser ocupadas pola administración para almacén, podendo utilizar unha das aulas a Asociación Veciñal "Illa de Ons". Coa chegada no 2002 do Parque Nacional, todo continuou igual ata que, no ano 2009 a Dirección do Parque decide arranxar as aulas e patios e que estas pasen a ser o Centro de Visitantes de Ons tan necesario e importante.

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Con referencia a Onstopus nº 21, na sección de “Ons na Memoria”, dedicado á desaparición do último piorno de madeira de Ons.

Un lector, ao pouco de saír o nº 21 (14/12/2020), enviárame unha nova saída no Faro e cuxo título era: “*Los hórreos en vías de extinción*”. Nesa noticia dicían que os piornos estaban catalogados en Galicia como BIC, *Bien de Interés Cultural*, e que arquitectos, enxeñeiros e historiadores reuniríanse para promover unha declaración conxunta co obxectivo de instar á administración a velar pola súa protección ante o risco de perder este patrimonio. Piden unha acción coordinada para incluír os piornos nos Plans Nacionais de Arquitectura Tradicional e Patrimonio Inmaterial.

O amigo lector, comentaba, que era unha pena que esta nova non saíra antes da desaparición do último piorno de madeira de Ons.

Eu, dende aquí, quero afirmarlle que, anos antes de que ese piorno desaparecera, enviara un bo número de escritos tanto á administración xestora da Illa (Consellería de Agricultura), como a de Cultura e Patrimonio, explicándolles o estado no que se atopaba ese piorno e outros máis, de pedra e cemento-ladrillo, que necesitaban un urxente arranxo. Non fixeron caso, nin contestaron, como é normal, por desgraza, na administración. Tamén enviamos ao Parque, a partir de 2002, esa mesma reivindicación e, ao igual que os demais organismos xestores, nada fixeron.

Agora, no Prux, hai un bo número de páxinas dedicadas a salvagardar, investigar e traballar pola cultura e o patrimonio do Parque. Levamos dous anos, e non vemos acción ningunha nese eido. A Cultura da Illa segue no esquecemento. Dende logo, amigo lector, podes estar seguro que dende a Asociación PineirÓns seguiremos loitando pola Cultura de Ons e para que a Administración sexa transparente e nos diga en que gastan os cartos que, segundo o Prux, hai para ese apartado anualmente.

Fotos: Á dereita piornos illáns deteriorados en diferentes épocas. Hoxe algúns arranxados grazas á implicación dos seus propietarios. Se pola administración fose, hoxe non existirían.





Con respecto aos diferentes libros dos que falei en Onstopus.

Eugenia, unha lectora, faime chegar esta suxestión: “*D. Celestino, dicirlle que sigo con profunda atención o que vostede chama “minixornal” Onstopus. Miro que ten un profundo coñecemento desa Illa que defende á nosa ría de Pontevedra á vez de exercer de defensor da súa interesante cultura. O motivo deste comentario e preguntarlle, despois de ler o especial por mor do pasamento do antropólogo Stafant Mörling onde di que lles unía unha boa amizade, o por que, nos 21 Onstopus publicados, no fai mención a ningún dos seus libros, sendo o das Embarcacións Tradicionais de Galicia un dos máis importantes sobre ese tema na nosa comunidade...*”.

Interesante observación que vou a unir a outra, con referencia á revista AUNIOS, onde tamén me preguntaban o motivo de que Mörling no fose homenaxeado na revista na súa orde cronolóxica que corresponderíalle, pola súa chegada a Ons (1965), despois de Salustiano Portela Pazos.

Empezarei pola segunda suxestión. Cando decidimos facer as homenaxes aos que traballaron pola Illa ao través do tempo, Mörling si estaba en terceiro lugar, antes de Santiago Castroviejo (1969), pero decidimos que a orde fose polo intre no que sacaran algunha publicación ou fixeran algo especial pola Illa. Mörling chegou no 1964 e investigou arreo en Ons e por toda a costa Galega, pero a súa primeira publicación foi no ano 1989, por iso será homenaxeado no ano 2022, nº 27 de AUNIOS.

Polo mesmo, amiga Eugenia, non falei de ningún libro de Mörling en Onstopus, pois xa teño unha persoa que vai escribir na súa Homenaxe en Aunios sobre todos eles. O mesmo fixen cos traballos de Álvaro das Casas, Salustiano Portela, Castroviejo,..., nin os de Fernando Alonso e María Castroviejo que homenaxeamos este ano 2021. Tampouco falarei dos de Estanislao F. de la Cigoña, nin do arquitecto Pedro Llano, pois serán os seguintes, despois de Mörling, en homenaxear en Aunios.



Con respecto a Onstopus nº 21. “Un grupo financeiro quiere comprar Ons”. Animo a un par de lectores que me escribiron a que mire a data do artigo de prensa. 28 de decembro de 1988. Por se lles recorda algo esa data.

Ese día a partida rematará cedo, o mar non estaba bo e axiña se achegaron á taberna para entreterse. Finalizada a partida, a conversa foi polo terreo das vodas pois, Antonio, viña de casar fai pouco unha filla e estaban debatendo, como sempre, sobre a cantidade de marisco e o bo servizo que tiveron no restaurante no que se celebrou o xantar.

O faladoiro foi derivando cara a como eran as vodas antigamente na Illa e José apuntou que a súa filla foi a primeira que vestira de branco o día da súa voda en Ons. Foi nese intre cando Manolo da Illa que, raro, estivera calado todo o tempo, contou o detalle que lle pasara a un illán o día que casara a súa filla, co seu correspondente traxe de noiva:


"Acordádesvos de cando foi a voda da filla de Fernando. Fóra en Beluso, eles xa vivían en Bueu, Fernando era o padriño. Como pasa sempre, á hora acordada o noivo xa estaba á porta da igrexa, pero a noiva aínda non chegara. Estaban moi nerviosos e o padriño non deixaba de prender un cigarro tras outro. Mesmo acababa de prender un pito, cando chegou o coche coa noiva. Como sabedes, os mariñeiros co tino de ter as mans libres para poder traballar co aparello, despois de prender o pito, achégano a un lado da boca e non o tocan ata que case lle queima os beizos. Pono na banda de estribor ou babor da boca segundo de onde veña o vento para que non llo consuma sen fumalo. Pois ben, Fernando prendera o pito, como vos dixen, e cos nervios, ao ver chegar á súa filla, esqueceuse del, cousa que lle debeu pasar a todos os presentes, xa que ninguén se decatou de que levaba o pito na boca.

Pois alí ves a Fernando entrando na igrexa coa súa filla do brazo e co cigarro na banda de babor. Así foi ata chegar ao altar. Cando estaban fronte ao cura e este mirou para eles, deuse conta do cigarro na boca do padriño e comezou a facerlle acenos para que Fernando se dera conta sen alterar a cerimonia. Cando Fernando decatouse, botou a man a boca e tusiou para disimular e sacar o pito, que xa era unha pava pegada aos beizos.

Disimuladamente, guindouna ao chan e intentou pisala para apagala, sen darse conta que o que fixo foi poñela mesmo debaixo do traxe de noiva da súa filla, que en pouco tempo comezou a botar un fío de fume que cada vez ía a máis.

Como ocorre en todas as parroquias, sempre hai un grupo de mulleres que axudan ao crego na igrexa facendo a limpeza,..., e, cando hai algún acontecemento o cerimonia importante (bautizos, enterros, primeiras comunións, vodas,...), son as encargadas de que a igrexa estea de punto en branco. Pois ben, ese día alí estaban as tres mulleriñas da parroquia que adornaran a igrexa para a voda e, como sempre facían, puxéronse en primeira fila para non perder detalle e ter despois materia prima para rexoubar e murmurar coas amigas.

*Cando as tres viron saír o fume de debaixo do traxe de noiva, comezaron a mirarse unhas ás outras, a sorrir, a darse cos cóbados..., ata que unha achegouse ao oído da outra e espetoulle: **Ves Maruxa, como son as mulleres de hoxe, eu cando me casei ía quente, pero aínda non fumegaba, carallo!!!***



ArqueolONSxía

REMATE FINAL Á PARTE TERRESTRE

Dou aquí rematado a primeira entrega da parte dedicada á Arqueoloxía de Ons en superficie.

Como puidestes ler en anteriores números, fixen un repaso aos xacementos arqueolóxicos existentes na Illa, como se atopan nestes intres, a súa catalogación,..., e un pequeno comentario sobre o que é necesario facer para recuperalos, poñelos en valor e protexelos.

Á vez sabemos, polo que puidemos ler no Prux, que a administración vai dedicarlle unha atención "prioritaria" a estes xacementos e ao Patrimonio Inmaterial da Illa, ao seu estudo e á súa protección. Nós pensamos, pola nosa experiencia, que se trata dunha Declaración de Intencións, e así llo fixo saber a Asociación PineirÓns nas súas alegacións ao Prux, aínda que queremos darlle un punto de confianza a ver que pasa, aínda que a falla de transparencia (leva 2 anos o Prux en funcionamento e non presentaron nin sabemos nada sobre as actuacións do Parque na Illa nese tempo), a ver se nos primeiros meses de 2021 presentan algún documento sobre as actuacións da Consellería no Parque nacional con respecto ao exposto no Prux.

Foto: Na praia de Canexol atópase un xacemento romano en serio perigo. Na foto vemos como, cando foi o desastre do Prestige, fixeron un subida mesmo ao seu carón, sufrindo un serio deterioro.